

**O seu formato de conveniencia e ultraproximidade**

## **EROSKI SUPERA OS 50 ESTABLECEMENTOS FRANQUIADOS COA INSIGNIA "RAPID"**

- **O deseño destas tendas destaca pola rapidez coa que permite realizar a compra, normalmente de camiño á casa ou ao traballo en áreas urbanas, ou en calquera momento do día nas zonas turísticas**
- **Medra tamén o número de establecementos deste formato en estacións de servizos, e actualmente EROSKI conta con 30 supermercados franquizados**
- **Mantén o ritmo de aperturas de franquías de anos anteriores, que bota un balance de 294 inauguracións nos últimos cinco anos e que supera os 600 supermercados franquizados**
- **EROSKI recibiu este ano o Premio ao Mellor Franquiador do ano na categoría de alimentación outorgado pola Asociación Española de Franquiadores (AEF)**

**Elorrio, 5 de setembro do 2023.** -[EROSKI](#) alcanzou a cifra dos 52 establecementos franquizados coa insignia *Rapid*, o seu formato de ultraproximidade e conveniencia en 150 metros cadrados, adaptable a calquera situación -ciudades, gasolinerías, universidades, zonas turísticas ou praias- e onde é posible facer unha compra cómoda, rápida e completa.

Estes establecementos *Rapid* contan cun amplo horario de apertura e os consumidores poden atopar ata 4.500 referencias, unha ampla oferta de alimentos frescos, froitas e verduras por xunto e máis carne envasada, e dispón ademais dun forno propio para ofrecer sempre pan fresco e boolería. Ademais, ofrecen unha sección de produtos de saúde e ecolóxicos e a súa variedade en alimentación, bebidas, droguería e perfumería inclúe marcas líderes de fabricantes e máis a marca propia EROSKI.

O modelo *Rapid* de EROSKI ofrécelles aos seus clientes un formato de conveniencia e ultraproximidade. O deseño das súas tendas destaca pola rapidez coa que permite realizar a compra, decote de camiño á casa ou ao traballo en áreas urbanas, ou en calquera momento do día nas zonas turísticas. Responde á "falta de tempo" dun público que precisa realizar compras para cubrir necesidades non previstas ou diarias, xa que este formato permite realizar unha compra completa en frescos e alimentación. As tendas incorporan, ademais, innovacións tecnolóxicas para mellorar a eficiencia

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

enerxética e reducir o impacto ambiental. Trátase de novos sistemas e equipamentos eficientes de frío e climatización.

Por outra banda, EROSKI está a espallar este formato de supermercados franquizados por estacións de servizo e conta xa con 30 tendas en gasolinerías de todo o país. Nestes establecementos os consumidores poden atopar ata 700 referencias e mais un forno propio para ofrecer sempre pan acabado de enfnar e bolería e unha zona de café.

### **Máis de 600 tendas franquizadas**

EROSKI superou xa as 600 tendas franquizadas, un fito que pon en relevo un modelo de franquía sólido. *"Para chegar a este fito, o primeiro obxectivo que nos marcamos e que cada ano reforzamos é estarmos a carón dos nosos franquizados en todo momento, asesorándoos e buscando a rendibilidade das súas tendas. Os datos demostrannos que esta é a fórmula adecuada para continuar cun ritmo de crecemento robusto e estable nos vindeiros anos"*, salienta o director de Franquías de EROSKI, Alberto Cañas.

EROSKI mantén o ritmo de aperturas de franquías de anos anteriores, que bota un balance de 294 inauguracións nos últimos cinco anos. Continúa a espallar así a súa rede franquizada co foco posto en Cataluña, no País Vasco, en Andalucía, Madrid, Castela-A Mancha, Estremadura e Levante de cara aos vindeiros anos. Durante o exercicio 2023 EROSKI ten previsto inaugurar 65 franquías.

As franquías de EROSKI responden ao modelo comercial "contigo", que integra todas as características, avances e vantaxes da súa rede de tendas propias EROSKI: a aposta polo produto local e rexional, a promoción da alimentación saudable, a contribución ao aforro dos seus clientes e o seu compromiso coa responsabilidade social e a sustentabilidade a través de iniciativas de solidariedade e de redución do impacto ambiental.

### **Confianza dos franquizados**

EROSKI aposta de xeito decidido por achegar ao mercado algo diferente en canto ao modelo de franquía que prima hoxe. *"Somos unha empresa de base cooperativa, de traballadores e consumidores, con valores propios. Por iso entendemos as necesidades dos nosos franquizados. Segundo a última enquisa de satisfacción realizada no ano 2023, o 96,14% deles valóranos positivamente"*, destaca o director de franquías de EROSKI.

A franquía de EROSKI parte de dúas motivacións diferentes; unha son os emprendedores que buscan o autoemprego para eles e para o seu contorno próximo, que representan o

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA. G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

52% do total dos franquizados, e os outros son empresarios e investidores que buscan diversificar os seus negocios nun sector seguro e nun negocio estable. "O 45% das aperturas da franquía no 2022 corresponden a franquizados que xa teñen unha tenda a canda nós. Ademais, o 42% da nosa rede pertence xa a este grupo de multifranquizados. Isto é un sinal de que o noso modelo de franquía é robusto e fiable. Os nosos franquizados son o que máis nos importa e diferenciámonos doutras cadeas no apoio comercial, no asesoramento e nas medidas de axuda que lles ofrecemos en momentos de maior dificultade ou incerteza, como aconteceu este ano pasado coa guerra, a inflación e os gastos eléctricos", subliña Alberto Cañas.

### **Premio ao mellor franquizador**

Froito de todo este traballo, EROSKI recibiu este ano o Premio ao Mellor Franquizador do ano na categoría de alimentación outorgado pola [Asociación Española de Franquizadores \(AEF\)](#). Este galardón recoñece e pon en valor o apoio e asesoramento aos franquizados de xeito continuo, uns valores diferenciados da organización que se dá trasladado á rede, un sólido plan de márketing para a franquía de EROSKI e, en definitiva, unha excelente xestión da súa rede de franquías.

Por outra banda, EROSKI foi tamén recentemente elixida a mellor franquía de supermercados de proximidade nos [premios Comercio do ano 2022-2023](#), concedidos polas persoas consumidoras no maior certame de consumidores de España e un dos maiores estudos de mercado do sector do retail. "Estes premios supoñen un recoñecemento dos consumidores ao modelo de franquía e aos seus franquizados, que día a día demostraron ser un supermercado de calidade", sinala Canas.

### **Convenios de colaboración**

A cooperativa mantén os seus convenios de colaboración coa Confederación Española de Asociacións de Novos Empresarios (CEAJE), e coa asociación de Traballadores Autónomos (ATA) para apoiar e impulsar o emprendemento entre os novos empresarios e os autónomos. Amais de reforzar o seu compromiso co emprendedor, EROSKI busca contribuír ao desenvolvemento da economía local nas distintas comunidades autónomas.

EROSKI segue a espallar o modelo de empregabilidade para persoas con discapacidade que comezou a desenvolver no 2015 xunto a GUREAK e, posteriormente, en colaboración

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA. G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



con entidades como AMPANS ou SOLTRA en distintos puntos de España. O pasado ano EROSKI abriu a cuarta tenda destas características no País Vasco.

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA. G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)